

## **MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE O FINANZAMENTO DAS ENTIDADES LOCAIS NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**

O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia PSdeG - PSOE, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Os concellos son a administración máis próxima á cidadanía, estando en contacto directo coa veciñanza. Pero están a asumir, cada vez máis, competencias impropias, que deberían asumir outras administracións. Competencias que non veñen acompañadas do suficiente e/ou correspondente financiamento co que facerlles fronte.

A Axuda no Fogar é unha desas competencias impropias xa que corresponde ás administracións autonómicas e estatais pero que, cada vez de xeito máis preocupante, está a supoñer unha carga financeira, ás veces xa inasumible, para os orzamentos locais.

A Xunta de Galicia aporta dende o ano 2008 9.70 €/hora (como máximo) sen levar a cabo ningunha actualización, quedando estancado o prezo/hora. Outras administracións, como a Deputación de A Coruña, aportan, dende o ano 2018, 12 €/hora: un prezo máis acorde co custe total do servizo.

O que está a suceder neste momento é que os concellos vense na obriga de actualizar as licitacións para a prestación deste servizo. Estas novas licitacións, ás que agora hai que facer fronte dende os concellos, contemplan actualizacións de prezos que van dende os 16€/hora ata os case 23€/hora, xa que, como é normal, nos últimos anos, os salarios incrementáronse e os convenios colectivos modificáronse.

Dito incremento de prezo/hora redunda, en grande medida en:



- Unha xusta mellora nas precarias condicións contractuais que a día de hoxe sofren as traballadoras (na súa inmensa maioría) e os traballadores deste servizo.
- Unha mellora das prestacións ás persoas usuarias (fundamentalmente persoas maiores e dependentes).

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Socialista propón para aprobar polo pleno municipal, os seguintes:

ACORDOS:

1.- Instar a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado a asumir o custo dunha competencia que lle é propia, ou cando menos, dotar aos concellos das cantidades orzamentarias suficientes para facerlles fronte, chegando como mínimo á aportación que fai a Deputación de A Coruña.

2.- Instar a Xunta de Galicia a negociar e aprobar cos concellos, a través da FEGAMP, nos primeiros catro meses do ano 2020, un sistema de financiamento xusto e acorde coas condicións laborais do ano 2020 que permita aos concellos manter e mellorar o servizo de atención á dependencia e axuda no fogar.

Carballo a 12 de xaneiro do 2020.  
María Carmen Vila Blanco.  
Voceira Grupo Municipal Socialista.

Sr. ALCALDE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL